



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA VINTE E UN DE XULLO DE 2020 CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
Escusa asistencia D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO

SECRETARIO: D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día vinte e un de xullo de dous mil vinte, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (22/06/2020).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e dous de xuño do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- - Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 201900000000892 de don Luís Cabo Boo. (Expediente núm. 2020/U022/000021)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para obras de rehabilitación de hórreo, consistente en cambiar a madeira, sito en Vilar nº3 –San Pedro de Vilanova (Expediente núm.: 2019/U022/000021), en solo cualificado como “De Núcleo Rural. N-1”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Antonio Sabucedo Costa, en calidade de arquitecto, e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 000100600NH43F0001FI .

Dáse conta tamén da autorización outorgada polo Servizo de Patrimonio Cultural, con data do 23/06/2020 (expdte. 1742/19), para as obras solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun edificio catalogado polo vixente PXOM.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

- 1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.
- 2º.-. Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Antonio Sabucedo Costa.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta euros (#60,00#)

2.2.- Instancia núm. 201900000001084 de don Waldo Rodríguez Campos. (Expediente núm. 2019/U022/000024)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Barcelona, solicita licenza para obras de rehabilitación-ampliación de vivenda unifamiliar en Figueiredo nº 1- Ponte Ulla (Expediente núm.: 2019/U022/000024), no ámbito do Plan Especial de Protección PE-1 do núcleo de Ponte Ulla, que foi aprobado definitivamente por acordo do Pleno do Concello, en sesión ordinaria do 29/04/2019. Publicouse no DOG, núm. 110, do 12 xuño de 2019 e no BOP núm. 187 do 02/10/2019. A casa figura cun nivel de protección estrutural no catálogo do PE-1 (ficha B19 PU), segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por José A. Hernando Ezquerra, en calidade de arquitecto e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra, axustándose ás condicións de construción, ocupación, alturas, ritmos e material a utilizar establecidas na ordenanza expresa do mencionado ámbito do PE.1. Núcleo de Ponte Ulla para o edificio en cuestión.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 8966301NH4386N.

Dáse conta tamén da autorización outorgada polo Servizo de Patrimonio Cultural, con data do 12/06/2020 (expdte.: 2739/19), para as actuacións solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun edificio catalogado polo vixente PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

- 1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.
- 2º.-. Executaranse conforme á documentación técnica, e aos anexos achegados, asinados por José A. Hernando Ezquerra con número de visado 1902840.
- 3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, de 18,85 m². e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens. Debe achegar, previo ao inicio das obras,



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



escritura pública inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión. En todo caso a licenza de primeira ocupación estará condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil trescentos noventa e catro euros con trinta céntimos (#1.394,30#)

2.3.- Comunicación previa de obra de don Senén Chas Neira. (Expediente núm. 2020/U026/000023)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Senén Chas Neira para o pintado da fachada frontal superior e lateral da súa vivenda.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001000700NH43C0001UR, emprazada en Silva de Arriba nº 5 –San Miguel de Sarandón, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

Abandona a sesión o Sr. Cernadas .

2.4.- Comunicación previa de obra de don Juan Manuel Cernadas Méndez. (Expediente núm. 2020/U026/000025)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Juan Manuel Cernadas Méndez para limpeza de cuberta e canlóns da vivenda e limpeza e pintado de zócalo.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001703300NH43E0001AX , emprazada en Bazar, 21-San Andrés de Trobe, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

Incorpórase de novo don Juan Manuel Cernadas Méndez.

2.5.- Comunicación previa de obra de don José Morao Rey. (Expediente núm. 2019/U026/000031)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Morao Rey para rehabilitación de vivenda consistente na substitución da cubrición da edificación, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Brais Vázquez Rey en calidade de Enxeñeiro Técnico e de data agosto de 2019.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001200400NH44A, emprazada en Gándara, 13 – San Fins de Sales, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de setenta euros (#70,00#).

2.6.- Comunicación previa de obra de Telefónica de España, S.A. (Expediente núm. 2020/U026/000022)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Enrique Acebal Alvarez, en representación de Telefónica de España, S.A, para ref. 8129674. instalación de 2 postes de madeira, en terreo público en Pousada de Arriba 18 –baixo (Vedra), nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Raúl Dosal Renedo en calidade de Enxeñeiro Técnico e de data 05/06/2020.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000400400NH43E0001AX, emprazada en Pousada de Arriba-Vedra, cun prazo de execución de 12 meses.

Dáse conta do escrito achegado, con número de rexistro 202099900000180, no que solicitan exención de taxas e impostos, polo exposto no contido do mencionado escrito.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto no Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación, adecuándose á información gráfica que foi presentada. Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública, estando condicionado o inicio das obras ao cumprimento da mesma.

Segundo.- A exención de taxas e impostos, deixando sen efecto a liquidación de taxas practicada con data do 15/06/2020 por importe de 60,00 euros.

2.7.- Comunicación previa de obra de dona M^a. Carmen Rivera Bao. (Expediente núm. 2020/U026/000026)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona M^a. Carmen Rivera Bao para construción de peche, de aproximadamente 5,30 metros de lonxitude, con base de bloque, enfuscada e pintada, que non superará os 1,50 m. de alto, e postes e arame, sen superar os 1,80 m. de altura total, e máis para a colocación dun portal.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001603600NH44A, emprazada en Quintáns nº 4- San Xián de Sales, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados e respectando os lindes da parcela.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.8.- Comunicación previa de obra de don Manuel Emilio Bascoy Cebeiro. (Expediente núm. 2020/U026/000027)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Manuel Emilio Bascoy Cebeiro para reforma do tellado, substituíndo a tella deteriorada e con aproveitamento de tella en bo estado.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001500200NH43C0001PR, emprazada en Lugar de Casanova núm. 6, cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Se para a execución da obra é precisa a colocación de andamios deberá achegar nomeamento de coordinador de seguridade e saúde.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta e tres euros (#63,00#).

2.9.- Instancia núm. 202099900000145 de dona Margarita Mallo Parama. (Expediente núm. 2020/U022/000016)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, solicita licenza para obras de construción dun soportal na vivenda, en Xián nº 39 – San Andrés de Trobe (expediente núm.: 2020/U022/000016), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. N-2”, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Santiago Rodríguez Alcalá, en calidade de arquitecta, e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A505106340001AG.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Santiago Rodríguez Alcalá de data 07/07/2020 e número de visado 2003153,2.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e seis euros con vinte e tres céntimos (#76,23#)

2.10.- Instancia núm. 202099900000187 de dona Andrea Calvelo Boo. (Expediente núm. 2020/U022/000019)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, solicita licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar en Xián –San Andrés de Trobe (Expediente núm.: 2020/U022/000019), en solo cualificado como "De expansión dos núcleos rurais. N-2, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Jorge Vales Fernandez, en calidade de arquitecto, sendo don Ramón Otero Saavedra o arquitecto-técnico e coordinador de seguridade e saúde, coas seguintes características: ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, núm. planta: baixa e altura máxima de cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta e que cumpre, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A505006730000AG.

A Xunta de Goberno Local , á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por don Jorge Vales Fernández con número de visado 002836,2.

-En cumprimento do artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste, e do sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

-A distancia mínima da foxa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3m. debendo gardar a distancia das aliñacións respecto das vías.

-Deberase proceder ao acondicionamento da zona de cesión para vías, que deberá quedar axardinada e coa mesma rasante que a vía. A rampla de acceso tamén deberá



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



quedar ao mesmo nivel ca vía e deberase colocarse por debaixo un tubo de sección mínima 400mm. para permitir o paso das augas da cuneta á que haberá que darlle continuidade.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de vías nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número U,04, de 117,64 m². e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión. En todo caso a licenza de primeira ocupación estará condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil setecentos corenta e cinco euros con dezaseis céntimos (#1.745,16#)

2.11.- Instancia núm. 788/20 de dona Sandra Rodríguez Devesa. (Expediente núm. 2020/U003/000003)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, expón que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 23 de marzo de 2017, concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Bazar –San Andrés de Trobe (Expediente 2020/U022/000026), e dado que por diversos motivos non puido rematalas, solicita a concesión dunha prórroga

A Xunta de Goberno Local, á vista do disposto no artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, acorda concederlle unha prórroga, por un novo prazo de 3 anos, para a finalización das obras obxecto do expediente, coa condición de que estas sexan rematadas exteriormente, requisito sen o cal non poderán concederse novas prórrogas.

A prórroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido ou dende a finalización do prazo da prórroga anterior.

2.12.- Comunicación previa de obra de dona Mercedes Bugallo Varela. (Expediente núm. 2020/U026/000007)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Mercedes Bugallo Varela para rehabilitación de vivenda consistente en retirar a tella existente e colocar nova tella nunha superficie en planta de 90 m².

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001899800NH44A, emprazada en Nande, 58 – San Fins de Sales, cun prazo de execución de 12 meses.

Dáse conta da autorización emitida para os efectos, con data do 29/06/2020, pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.

A Xunta de Goberno Local acorda:



Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos datos comunicados. Mantendo a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Se para a execución da obra é precisa a colocación de andamios deberá achegar nomeamento de coordinador de seguridade e saúde.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de noventa e nove euros (#99,00#).

2.13.- Instancia núm. 202000000000769 de dona Mónica Fernández Piñeiro. (Expediente núm. 2020/U022/000007)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada solicita a corrección de erro en redacción de licenza.

Na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local con data do 09/06/2020 no segundo parágrafo onde di: "...solicita licenza para obras de reforma de vivenda unifamiliar en Paradela, 1 – San Xián de Sales...", debe dicir: "... solicita licenza para actualización de expediente de legalización de vivenda unifamiliar illada en Paradela, 1 – San Xián de Sales..."

3º.-Acordo, se procede, sobre concesión de prórroga do contrato de servizos de axuda no fogar (SAF) asinado con Atendo Calidade, S.L.

Visto que con data 31 de xaneiro de 2017, o Pleno do concello, en sesión extraordinaria, aprobou o prego de cláusulas administrativas particulares e condicións técnicas para a adxudicación, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, do contrato de servizos cuxo obxecto é a prestación das tarefas integradas no servizo de axuda no fogar tanto a persoas dependentes como a usuarios de libre concorrència.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en virtude de delegación acordada polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 21 de xuño de 2017, adxudicoulle á empresa Atendo Calidade, S.L, o citado contrato.

Con data 29 de agosto de 2017 formalizouse o contrato con Atendo Calidade, establecéndose de acordo coa cláusula quinta do PCAP, unha duración de tres anos, prorrogables un ano máis, ata un máximo de catro anos (incluído período inicial e prórroga) dende o 05 de setembro de 2017.

Dado que o vindeiro 5 de setembro vence o período inicial do contrato, a Xunta de Goberno Local, de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2017 (LCSP), e sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno, acorda prorrogar o mesmo ata que se adxudique un novo contrato.

4º.- Acordo, se procede, de adxudicación de licenzas de taxi (unha delas con vehículo adaptado) no concello de Vedra (Expediente 2019/C006/000001).



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Visto que segundo o artigo 6.2 da lei 4/2013, do 30 de maio, de Transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, a este concello, de acordo coa súa poboación, correspóndelle un total de 4 licenzas (unha delas con vehículo adaptado).

Dado que na actualidade só existe unha licenza de taxi en vigor, tras a revogacións das licenzas concedidas que non cumprían os requisitos para a súa vixencia.

Visto que de conformidade co disposto no artigo 16 da citada Lei 4/2013, no que se establece o procedemento coordinado para o outorgamento das licenzas de taxi e de autorizacións interurbanas de taxi, o Servizo de Mobilidade emitiu informe favorable para o outorgamento das mesmas. A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día doce de novembro de dous mil dezanove acordou convocar a licitación para a adxudicación de tres novas autorizacións interurbanas de taxi (unha delas con vehículo adaptado), mediante procedemento aberto de acordo co artigo 156 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), así como o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a súa adxudicación .

Con data 20 de novembro publicouse anuncio de licitación no BOP núm. 221/19 e na páxina web municipal , presentándose en prazo as propostas que constan no expediente (2019/C006/000001), publicándose a lista de propostas no BOP núm. 19/20, do 29 de xaneiro, de acordo co establecido na cláusula quinta do PCAP, co obxecto de que os interesados e as asociacións profesionais e traballadores puidesen alegar o que estimasen oportuno en defensa dos seus dereitos, no prazo de 15 días, sen que durante o mesmo se presentase reclamación algunha.

Rematado o proceso de valoración (fases I e II) , e vista a proposta de adxudicación da mesa de valoración designada ao efecto , requiriuse aos interesados propostos para que no prazo de 10 días presentasen a documentación establecida na base cuarta do PCAP.

Vista a documentación presentada polos solicitantes propostos, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Adxudicar licenza de taxi (con vehículo adaptado) a don Jesús Manuel Furelos Magariños, debendo presentar no concello ,antes do comezo da súa actividade, documentación do vehículo afectado ao servizo e resguardo da póliza de responsabilidade civil para a prestación do mesmo.

Segundo.- Adxudicarlle unha licenza de taxi a don Manuel Núñez Rúa.

Terceiro.- Comunicarlle ao Servizo de Mobilidade o presente acordo.

5º.- Acordo, se procede, sobre concesión de subvencións para o desenvolvemento de actividades levadas a cabo por entidades sen ánimo de lucro no termo municipal de Vedra durante o ano 2020.

Dáse conta da convocatoria das citadas subvencións, aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 66/2020, de data 05 de febreiro (BOP núm. 29/20, do 12 de febreiro)

De acordo coa proposta da comisión de valoración, en función dos criterios establecidos na base 7ª das reguladoras das citadas subvencións, aprobadas polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2017, modificadas por



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



acordo plenario do 27 de marzo de 2019 (BOP núm. 77/189, do 24 de abril), a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Conceder as seguintes subvencións:

SOLICITANTES:	OBXECTO	IMPORTE CONCEDIDO
1. ASOC. FESTEXOS POPULARES DE SAN JULIAN DE SALES CIF: G15812332	San Xíán de Sales 2020 (Entroido e festas)	1.059,33 €
2. ASOC. CULTURAL SAN CAMPIO CIF:G15138050	Escola de Música e Baile Tradicional 2020	1.632,42 €
3. A.C.D. MOTEIROS DO VAL DO ULLA CIF: G70194667	Concentración de motos 2020	937,77 €
4. ASOC. AMIGOS DA CORAL POLIFONICA DE SANTA CRUZ CIF:G15743123	Concerto Corais de Nadal 2020	659,91 €
5. ASOC. BERENGUELA POLA IGUALDADE CIF:G70154794	IV Andaina Polo Bo Trato	1.319,83 €
6. ASOCIACIÓN RAICEIROS CIF:G15808645	Ulla Oralmente	1.424,02 €
7. ASOC. MEDIOAMBIENTAL DE VEDRA "AMABUL" CIF:G159252209	Escola de Verán 2020	1.198,26 €
8. ANPA "A BOCA" DO CPI PLURILINGUE DE VEDRA CIF: G15201684	Actividades formativas sobre ciencia e natureza 2020	451,52 €
9. ANPA VAL DO ULLA DO CRA BOQUEIXÓN-VEDRA "NEIRA VILAS" CIF:G70132188	Proxecto de Actividades Anpa do "Val do Ulla"	451,52 €
10. ANPA CEIP ORTIGUEIRA CIF:G15422694	Acamparte nadal 2020	1.180,90 €
11. ASOC. CULTURAL PAPAVENTOS CIF: G15159601	2020	1.094,07 €
12. ASOC. VIRXE DO CARME DE TROBE CIF: G15598915	Acción cultural	590,45 €
TOTAL		12.000,00

Segundo.- Notificarlle o presente acordo ás entidades beneficiarias das mesmas e publicalo na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da casa do concello, de acordo co establecido na base 11 das reguladoras das subvencións.

Terceiro.- As entidades beneficiarias deberán xustificar as axudas, unha vez rematadas as actividades ou programa obxecto da mesma, mediante a presentación da documentación establecida na base 13 das reguladoras das mesmas, entre o 1 e 0 31 de xaneiro de 2021.



6º.- Aprobación definitiva, se procede, dos Padróns Fiscais de taxas municipais do exercicio 2020.

6.1.- Padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública* (Ordenanza fiscal núm. 12, BOP núm. 5 do 08/01/2004 e BOP núm. 245 do 26/12/2012). Expediente electrónico 2020/X999/000003.

Dáse conta dos listados definitivos das liquidacións correspondentes ao padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2020*, formados una vez rematada a súa exposición pública polo prazo dun mes (dende a inserción do correspondente edicto no BOP núm. 69, do 15/05/2020) e logo de transcorrido o prazo contemplado no artigo 14.2.c do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para a interposición do recurso de reposición contra as liquidacións contidas no padrón.

Dáse conta, así mesmo, das actuacións de xestión tributaria realizadas durante os mencionados períodos en función das seguintes Resolucións da Alcaldía ditadas nos meses de maio e xuño: 200/2020, 204/2020, 216/2020, 288/2020, 289/2020 (5 cambios de titularidade), 290/2020 (3 cambios de titularidade), 287/2020 (1 cambio de titularidade e de epígrafe), 309/2020 (1 baixa no padrón fiscal provisional aprobado pola XGL o 28/04/2020, por estimación de recurso contra a nova alta acordada na Resolución da Alcaldía núm. 54/2020).

Visto o informe emitido pola Secretaría-Intervención con data 20/07/2020, indicando que no expediente se cumpriron, respecto da devindicación e feito esixible da taxa e respecto das xestións do padrón fiscal, os requisitos establecidos tanto na normativa xeral de aplicación como na ordenanza fiscal municipal reguladora do tributo; e que, polo tanto, se realizaron os trámites de notificación das liquidacións correspondentes ás altas e demais actos, de exposición pública do padrón provisional e notificación colectiva mediante edicto publicado no BOP e no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, así como o de resolución pola Alcaldía das reclamacións presentadas durante os prazos legalmente establecidos.

Visto o expediente citado e a proposta de Secretaría que obra no mesmo, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do exercicio 2020* -que comeza por Abanca Corporación Bancaria, S.A. e remata por Zas Villaverde, José Carlos- coas seguintes *cifras definitivas*:

Número total de liquidacións: 2.100 (dúas mil cen).

Número de liquidacións con importe igual a cero euros: 2 (dúas).

Número total de recibos a emitir: 2.098 (dous mil noventa e oito).

Importe total do Padrón: 160.534,67 € (cento sesenta mil cincocentos trinta e catro euros e sesenta e sete céntimos).

2º.- Remitir o citado padrón á Deputación Provincial da Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita por acordo plenario de data 3 de marzo de 2000.



6.2.- Padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros* (Ordenanza fiscal núm. 13, BOP núm. 160 do 14/07/2004). Expediente electrónico 2020/X999/000004.

Dáse conta dos listados definitivos das liquidacións correspondentes ao padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2020*, formados una vez rematada a súa exposición pública polo prazo dun mes (dende a inserción do correspondente edicto no BOP núm. 69, do 15/05/2020) e logo de transcorrido o prazo contemplado no artigo 14.2.c do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para a interposición do recurso de reposición contra as liquidacións contidas no padrón.

Dáse conta, así mesmo, das actuacións de xestión tributaria realizadas durante os mencionados períodos: 1 cambio de titularidade acordado por Resolución da Alcaldía núm. 216/2020, ditada o 20 de maio.

Visto o informe emitido pola Secretaría-Intervención con data 20/07/2020, indicando que no expediente se cumpriron, respecto da devindicación e feito esixible da taxa e respecto das xestións do padrón fiscal, os requisitos establecidos tanto na normativa xeral de aplicación como na ordenanza fiscal municipal reguladora do tributo; e que, polo tanto, se realizaron os trámites de notificación das liquidacións correspondentes ás altas e demais actos, de exposición pública do padrón provisional e notificación colectiva mediante edicto publicado no BOP e no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, así como o de resolución pola Alcaldía das reclamacións presentadas durante os prazos legalmente establecidos.

Visto o expediente citado e a proposta de Secretaría que obra no mesmo, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

1º.- Aprobar o padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2020* -que comeza por Abanca Corporación Bancaria, S.A. e remata por Zas Sinde, Jesús- coas seguintes *cifras definitivas*:

Número total de liquidacións: 577 (cincocentas setenta e sete).

Número total de recibos a emitir: 577 (cincocentas setenta e sete).

Importe total do padrón: 19.848,00 € (dezanove miloitocentos corenta e oito euros).

2º.- Remitir o citado padrón á Deputación Provincial da Coruña para a súa recadación, segundo a delegación feita por acordo plenario de data 25 de febreiro de 2005.

7º.- Aprobación de facturas varias.

Dáse conta da relación contable de facturas núm. F/2020/10 (expediente electrónico núm. 2020/X999/000055), que ascende a un importe total de 264.528,47 euros, a cal se engade como anexo á presente acta.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidencia nas facturas de Droguería Ferretería El Sol, S.L, por razóns de parentesco, acorda aprobar as facturas contidas na citada relación.



8º.- Aprobación de gastos de persoal.

A Xunta de Goberno Local acorda ratificar a providencia da Alcaldía, de data 16 de xullo de aprobación de gastos de asistencias á Comisión do seguimento da COVID-19, fondo social, quilometraxes e asistencias a mesas de contratación e mesas de procesos selectivos, por importe de 6.070,21 euros.

9º.- Aprobación das indemnizacións por asistencias aos membros da corporación do 2º trimestre de 2020.

Vista a relación de asistencias dos membros da corporación aos Plenos, Xuntas de Goberno, Comisións informativas e Xuntas de voceiros celebradas do 1 de abril ao 30 de xuño de 2020 e vistas as liquidacións practicadas por substitucións de Alcaldía e desprazamentos conforme aos importes establecidos nas bases de execución do orzamento.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Recoñecer a obriga das liquidacións dos/as concelleiros/as da Corporación correspondentes ao 2º trimestre de 2020 por importe de 8.058,71 euros.

Segundo: Ordenar o pagamento das cantidades líquidas aos/ás concelleiros/as facendo os ingresos nas contas postas a disposición polos/as interesados/as.

10º.- Aprobación das asignacións aos grupos políticos municipais do 2º trimestre de 2020.

Visto o disposto na base 33 das bases de execución do orzamento municipal, na que se establece unha asignación económica por importe de 30,00 € mensuais por cada concelleiro/a que forme parte dos grupos políticos nos que se constitúe a corporación municipal, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar as seguintes asignacións económicas aos grupos políticos da corporación correspondentes ao 2º trimestre de 2020

Grupo municipal do BNG de Vedra	180 €
Partido socialista de Galicia- PSOE Grupo Municipal de Vedra	270 €
Grupo municipal de Vedra- Partido Popular	720 €

Segundo.- Ordenar o seu pagamento.

Terceiro.- Dar traslado do acordo á intervención e á tesouraría municipal.

11º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia do mes de xuño.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia do mes de xuño:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



DECRETO	DATA	ASUNTO
242	01/06/2020	Aprobación expediente de contratación obra de <i>Ampliación da rede de abastecemento en Sete e Argunte do POS +Adicional 1/2019</i> (Expediente 2020/C003/000003)
243	01/06/2020	Adxudicando a Manuel Nieto Requeijo a limpeza da Rúa do Río Pereiro (Expdte. Contrato menor 2020/C002/000017)
244	01/06/2020	Alta no SAF extraordinario COVID-19 e libre concorrencia de ATS
245	01/06/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
246	01/06/2020	Autorización cese relación contractual por xubilación do traballador don José I. Munín Castelao
247	03/06/2020	Designación de coordinador de seguridade e saúde da obra de <i>Saneamento en Romarís</i> (POS +2019)
248	04/06/2020	Expediente modificación de créditos 6/2020 (transferencias)
249	04/06/2020	Expediente modificación de créditos 7/2020 (xeración)
250	04/06/2020	Alta no SAF extraordinario COVID-19 de TCS
251	05/06/2020	Adxudicación de traballos de reposición na piscina municipal a Construcciones Sarandón, S.L (Expdte. Contrato menor 2020/C002/000018)
252	05/06/2020	Aprobación nóminas paga extra xuño 2020
253	08/06/2020	Autorización fogueiras de San Xoán en vivendas particulares
254	08/06/2020	Concesión axuda de emerxencia social
255	08/06/2020	Ampliación intensidade SAF con cargo ao servizo extraordinario do COVID-19 a CRV
256	08/06/2020	Alta SAF servizo extraordinario do COVID-19 (libre concorrencia)
257	10/06/2020	Concesión de axuda de emerxencia social a DGR
258	11/06/2020	Ampliación intensidade SAF con cargo ao servizo extraordinario do COVID-19 a DGR
259	11/06/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
260	12/06/2020	Aprobación memoria e orzamento do proxecto <i>compostaxe casa a casa</i> do programa Compostaxe in situ, solicitude de subvención e adopción de compromisos
261	12/06/2020	Expediente limpeza de fincas en Laraño – San Xián de Sales
262	12/06/2020	Requirimento propietario para limpeza de maleza en cumprimento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia
263	12/06/2020	Requirimento propietario de finca para limpeza de maleza en cumprimento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia
264	12/06/2020	Aprobación póliza de seguridade e saúde da obra <i>Saneamento en Romarís</i> (POS +2020)
265	12/06/2020	Inicio expediente de contratación de <i>Mellora da eficiencia enerxética no campo de fútbol municipal de Vedra (O Coto)</i> , cofinanciada por Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza, mediante procedemento aberto simplifícadísimo (art. 159 da LCSP 2017) (expdte. 2020/C005/000001)
266	12/06/2020	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
267	12/06/2020	Alta no padrón municipal de habitantes



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



268	15/06/2020	Aprobación bases proceso selectivo do programa Aprot Rural 2020
269	16/06/2020	Listaxe provisional de admitidos/as, excluídos/as do proceso selectivo do programa PEL Deputación 2020
270	16/06/2020	Listaxe provisional de admitidos/as no Programa de Conciliación Conxuga-Ludoteca de Verán 2020
271	16/06/2020	Aprobación bases proceso selectivo para a contratación dun/unha técnico/a de turismo (programa DP0029/20 da Deputación Provincial)
272	16/06/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
273	16/06/2020	Concesión de axuda de emerxencia social a LCN
274	16/06/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
275	16/06/2020	Modificación bonificacións ordenanza fiscal nº 19 reguladora da taxa pola prestación do servizo da piscina municipal
276	17/06/2020	Expedición tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida a JVN
277	17/06/2020	Listaxe provisional de admitidos/as, excluídos/as da Escola Infantil Municipal curso escolar 2020/2021
278	18/06/2020	Aprobación expediente de contratación do proxecto de mellora da eficiencia enerxética no campo de fútbol de Santa Cruz (O Coto)
279	18/06/2020	Expediente invasión vía municipal por carballo en San Xián de Sales
280	19/06/2020	Contratación candidatos preseleccionados pola oficina de emprego con oferta nominativa para programa Risga 2020 (2 oficiais segunda xardineiros/as, a xornada parcial durante 9 meses)
281	19/06/2020	Requirimento limpeza de parcela invadida de maleza
282	19/06/2020	Expediente limpeza de finca en Angustín – San Mamede de Ribadulla
283	19/06/2020	Expediente limpeza de fincas en Tomonde –Santa Cruz de Ribadulla
284	19/06/2020	Expediente modificación de créditos 8/2020 (xeración)
285	19/06/2020	Expediente modificación de créditos 9/2020 (xeración)
286	22/06/2020	Ampliación intensidade SAF con cargo ao SAF extraordinario do COVID-19 a MBT/HRR/ECC
287	22/06/2020	Cambio titularidade e epígrafe recibo taxa de lixo do inmovible núm. 35 baixo de Pousada de Abaixo –Vedra
288	22/06/2020	Cambio titularidade recibo taxa de lixo do inmovible núm. 35-2º de Pousada de Abaixo –Vedra
289	22/06/2020	Cambio titularidade recibo taxa de lixo da vivenda núm. 39 de Pousada de Abaixo –Vedra
290	22/06/2020	Cambio titularidade recibos taxa de lixo de 3 vivendas núm. 17 (A/B/C) de Pousada de Arriba –Vedra
291	22/06/2020	Adxudicación control de calidade da obra de Saneamento en Romarís (POS +2019) a CYE Control y Estudios, S.L (Expdte. Contrato menor 2020/C002/000020)
292	22/06/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
293	23/06/2020	Adxudicación xestión mantemento e socorrismo na piscina municipal de Vedra a Acofide 2000 Xestión, S.L (Expdte. Contrato menor 2020/C002/000021)
294	23/06/2020	Listaxe definitiva de admitidos/as, excluídos/as do proceso selectivo PEL Deputación 2020, datas, hora e lugar das probas



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



295	23/06/2020	Expediente prevención de incendios en Romarís – San Xián de Sales
296	23/06/2020	Expediente prevención de incendios en Neira de Abaixo –San Mamede de Ribadulla
297	23/06/2020	Concesión de axuda de emerxencia social a CRF
298	23/06/2020	Alta no padrón municipal de habitantes
299	23/06/2020	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
300	25/06/2020	Resolvendo alegacións presentadas e aprobación listaxe definitiva de admitidos/as no Programa Conxuga –Ludoteca de verán 2020
301	25/06/2020	Requirimento limpeza de fincas en Castro –Ponte Ulla
302	25/06/2020	Aprobación nóminas do mes de xuño 2020
303	26/06/2020	Ordenando contratación de Paula Navaza como operaria de servizos varios –axudante de RSU a través do Programa PEL Deputación 2020, a proposta da Mesa de Selección
304	26/06/2020	Alta SAF temporal e extraordinario do COVID-19 a GCL
305	26/06/2020	Designación técnico Mesa de Contratación da obra de Ampliación da rede de abastecemento en Sete e Argunte (POS +Adicional 1/2019)
306	26/06/2020	Adxudicando o alugamento de kaiaks e barcas no Río Ulla (Área de Agronovo) a Galicia Eventos e Ocio, S.L (Expdte. Contrato menor 2020/C002/000019)
307	26/06/2020	Baixa SAF-Libre concorrencia por incompatibilidade co SAF Dependencia de MRP
308	29/06/2020	Aprobación nóminas do mes de xuño 2020 (3 traballadores/as)
309	29/06/2020	Estimando recurso contra RA 54/20 pola que se dá de alta no padrón fiscal da taxa de lixo a vivenda núm. 28 de Cimadevila –San Miguel de Sarandón (non habitable)
310	29/06/2020	Alta no SAF temporal e extraordinario COVID-19de GCL
311	29/06/2020	Ordenando contratación de 2 oficiais de segunda xardineiros/as do Plan PEL Deputación 2020 (xornada parcial-5 meses de duración)
312	29/06/2020	Ordenando contratación de 2 oficiais de segunda albaneis do Plan PEL Deputación 2020 (xornada parcial-5 meses de duración) e remisión de oferta pechada á oficina de emprego para cubrir a vacante
313	30/06/2020	Listaxe definitiva de admitidos/as, excluídos/as proceso selectivo do Aprox Rural 2020, data, hora e lugar de baremación de méritos dos/as aspirantes
314	30/06/2020	Autorización ao Club Olímpico de Vedra para utilizar a piscina municipal fóra do horario de apertura para adestramento de cara ás competicións oficiais
315	30/06/2020	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
316	30/06/2020	Concesión anticipo reintegrable a persoal municipal

A Xunta de Goberno Local dáse por informada.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e trinta minutos.

RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS
ACORDO APROBACION FACTURAS X.G.L. 21-07-2020

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APLICACIÓN -				I.V.A. Deducible Euros	- DESCUENTOS -		Importe Fac. Euros	
				Año	Org. Prog.	Econ.	RC,A,D		Importes	Conceptos Descuento		Importes
									Euros			Euros
F/2020/884 07/05/2020	A08431090 Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A. Subministración eléctrica ao campo de fútbol de O Coto. Período: 01/04/2020-30/04/2020	FE20321328118020 06/05/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	341	22100		285,78			285,78	
F/2020/885 07/05/2020	A08431090 Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A. Subministración eléctrica á EDAR de Ponte Ulla. Período: 01/04/2020 - 30/04/2020	FE20321328118123 06/05/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	160	22100		1.909,88			1.909,88	
F/2020/886 07/05/2020	A08431090 Gas Natural Servicios SDG S.A. - Naturgy Iberia, S.A. Subministración eléctrica á casa da terceira idade. Período: 01/04/2020-30/04/2020	FE20321328118125 06/05/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	231	22100		159,93			159,93	
F/2020/916 15/05/2020	A65067332 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A. - Comercializadora Regulada, Gas & Power, S.A. Subministración eléctrica ao bombeo de Neira de Abaixo. Período: 01/04/2020-30/04/2020	FE20137012812747 14/05/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	160	22100		81,64			81,64	
F/2020/918 19/05/2020	A82018474 Telefonica de España, S.A.U. Instalación, xestión, mantemento e arrendamento router e alta ADSL 981503138 na casa consistorial mes abril/2020	TD-E0TG-104049 19/05/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	920	22200		267,89			267,89	
F/2020/919 19/05/2020	A82018474 Telefonica de España, S.A.U. Servizo telefónico Ibercom na casa consistorial (cotas de maio/2020 e tráfico de abril/2020)	TA6EZ0000158 19/05/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	920	22200		273,56			273,56	

RELACIÓN CONTABLE DE FACTURAS
ACORDO APROBACION FACTURAS X.G.L. 21-07-2020

Núm. Entrada Fec. Registro	Apellidos y Nombre o Razón Social Texto Explicativo	Núm.Doc. Fec.Doc.	Situación Grupo Factura	- APLICACIÓN -			I.V.A. Deducible Euros	- DESCUENTOS -		Importe Fac. Euros		
				Año	Org. Prog.	Econ. Proyecto		RC,A,D	Importes		Conceptos Descuento	Importes
									Euros			Euros
F/2020/933 01/06/2020	A78923125 Telefonica Moviles España, S.A. Servizo telefónico plan corporativo tarifa única 35 extensións móbiles (período 18/04/2020-17/05/2020 e cotas 05/2020)	28-F0U1-005541 01/06/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	920	22200		866,36			866,36	
F/2020/934 01/06/2020	A78923125 Telefonica Moviles España, S.A. Servizo telefónico plan corporativo tarifa única 17 extensións fixas (período 18/04/2020-17/05/2020 e cotas 05/2020)	28-F0U1-086563 01/06/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	920	22200		6,95			6,95	
F/2020/935 01/06/2020	A78923125 Telefonica Moviles España, S.A. Servizo telefónico na nave de Trobe (período 18/04/2020-17/05/2020 e cotas 05/2020)	28-F0M0-095513 01/06/2020	Conformada ALCALDÍA	2020	920	22200		34,87			34,87	
